# Deseño e impartición de talleres de alfabetización dixital
# 2022-23

**Grado en RRLL y RRHH**

**Cristina Anido – Joaquín Enríquez – Félix Puime**

**1º Informática básica**

# Contextualización

| | |
|---|---|
| **Titulación** | Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos (Ferrol) |
| **Docente/s responsable/s e ou colaboradores** | Anido Martínez, Cristina<br>Enríquez Díaz, Joaquín<br>Puime Guillén Félix |
| **Materia/s na/s que se desenvolveu o proxecto** | Informática básica |
| **Curso e cuadrimestre** | Primeiro curso, 1º cuadrimestre |
| **Ods ós que se contribuiu** |  |

# Melloras

Esta edición como principais modificacións destaca a volta á presencialidade con tódalas entidades.

En cursos pasados, derivado da COVID – 19 os talleres pasaron a converterse en píldoras formativas que eran enviadas ás entidades para que os usuarios puidesen visionalas e posteriormente comentar as posibles dúbidas cos estudantes mediante conexións por videoconferecia.

Nesta edición combínanse os vídeotitoriais con talleres de caracter presencial:

- No caso de ADRA, DIGNIDAD e AFFINOR, os usuarios puideron observar os diferentes videotitoriais enviados e posteriormente traballalos en talleres presenciais.
- No caso de COGAMI e ASCM o servizo foi unicamente presencial.
- Así mesmo, con ASCM e COGAMI, atendendo ó principal punto débil identificado nas anteriores edicións (solicitude de máis tempo de atención persoal) ampliouse o número de talleres e polo tanto a duración do servizo.

# Aprendizaxe

Os/as estudantes melloraron as súas habilidades comunicativas, tanto escritas como orais, ao interactuar con diferentes axentes e en diferentes situacións para a preparación e o desenvolvemento

Os/as estudantes puideron comprobar a utilidade do contido da materia para a súa inserción laboral

Os/as estudantes puxeron en práctica as súas habilidades organizativas ao planificar tanto o taller como o proceso de desenvolvemento do taller de forma coordinada co equipo docente e a entidade asignada

Os/as estudantes puxeron en práctica as súas habilidades de traballo en equipo tanto ao desenvolver o taller como ao preparalo

O contido da materia en si abarca diferentes programas dun paquete ofimático e outras ferramentas de utilidade para a xestión da empresa e especificamente dos recursos humanos.O proxecto permitiu mellorar a aprendizaxe ao poñer en práctica os coñecementos (ao longo da preparación, resolución de incidencias) e ao interactuar coas persoas usuarias

# Servizo coas entidades

ADRA FERROL

Affinor
ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA E FATIGA CRÓNICA DO NOROESTE

Dignidad
ONG
AYUDA SOCIAL Y COOPERACIÓN
Galicia

ASOCIACION SOCIOCULTURAL
ASCM

COGAMI
CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

# Contidos dos talleres

O deseño dos talleres basearonse principalmente nos comentarios realizados polas entidades nas reunións cos docentes e nos contactos mantidos entre alumnos, responsables e usuarios:

- Características dos usuarios
- Coñecementos previos do tema a tratar
- Necesidades identificadas: na medida do posible tratar de cubrir necesidades das entidades
- Medios dispoñibles pola entidade

# Evaluación do proxecto

- Seguimento do proxecto durante as sesións interactivas da materia.
- Presentación preliminar dos vídeos ós docentes e responsables das entidades. Preparación previa dos talleres cos docentes.

- Memoria final, documento con formato acorde ós coñecementos adquiridos na materia, que incluía:
  - Entrevista: preparación, recollida da información, conclusións
  - Deseño do taller: obxetivos, características, guión en base á presentación
  - Actas das reunións
  - Cronograma
  - Conclusións do grupo sobre o proxecto, analizando as dificultades atopadas ó longo de todo o proxecto e as súas resolucións

# Resultados da experiencia

- *“En mi opinión, la actividad de ApS realizada no necesita ninguna mejora ya que tanto los profesores como en mi caso Dignidad, nos dejaron las cosas claras desde el primer momento en que elegimos realizar este proyecto al igual que nos ayudaron en lo que necesitamos”.*

- *“Lo más positivo fue el ver diferentes puntos de vista y poder formar parte de un proyecto que ayuda tanto a los usuarios de la entidad a los que se les enseñas como a las personas que desarrollan el proyecto. Además de una enseñanza educativa también considero que es un crecimiento personal. El afrontar los problemas que van surgiendo y poder a lo largo del proyecto ir mejorándolos y ver finalmente la mejoría tanto por parte nuestra como de ellos, provoca una gran satisfacción.”*

# O proxecto nos medios

**Entrevista no programa Voces de Ferrol de Radio Voz**

Cabe destacar a participación do estudantado no programa "Voces de Ferrol" de Radio Voz Ferrol. O Podcast pode escoitarse aqui: https://www.ivoox.com/alumnado-del-campus-participa-proyecto-aprendizaje-audios-mp3_rf_97271758_1.htm

